

A rebelión contra a complacencia e o falso compromiso institucional

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

Profesor da Universidade da Coruña

Na súa permanente vontade de dotar á Galiza dun teatro propio forte, autónomo e non subsidiario, Roberto Vidal Bolaño traballou na procura dunha poética teatral de noso que chegase a toda a cidadanía, mais tamén denunciou a falta de compromiso, o desleixo e a indiferenza duns gobernantes galegos, que, baixo a aparencia de defenderen os valores tradicionais do país, impedían a mantenta calquera posibilidade de modernización ou alargamento das fórmulas propias de produción e consumo de bens culturais –tamén teatrais– que puxesen en perigo a prevalencia en Galiza dos repertoremas españois. Foron reveladoras, neste sentido, algunha das encomendas realizadas ao compostelán polo Centro Dramático Galego incidindo na pretensión asimilacionista de rexionalizar a produción espectacular galega dentro do sistema cultural español, como a que lle pediu para o ano 2000 un espectáculo á volta do mito de don Juan. E significativa foi, tamén, a resposta de Vidal Bolaño, realizando a súa achega desde a narrativa de Cunqueiro e cunha personaxe portuguesa de nome don Esmeraldino, en coherencia coa súa visión dun sistema cultural galego non subsidiario de aquel outro que o ameazaba coa absorción. “Non me sinto na periferia”, proclamaría nunha entrevista concedida no ano 2000, “estou no meu centro, que é esta cultura e esta cidade”.

Vidal Bolaño entendeu sempre moi ben a precariedade en que se movía o nacente teatro galego e os riscos que o ameazaban, fundamentalmente no que ten a ver coa dependencia política e a subsidiariedade que representaría perder os trazos diferenciadores e as redes específicas de relacionamento entre os elementos involucrados na Galiza na creación escénica. Sempre contestou e denunciou a ausencia de compromiso real dunhas institucións galegas que máis que traballar polo teatro e a cultura do país, semellaban toleralos, sempre, é claro, que non ultrapasaran os estritos límites en que os colocaba a ideoloxía imperialista antigalega dos que nos gobernaban. “En ningún caso defenderemos ningunha relación paternalista coa administración”, declaraba ao Faro de Vigo en 1992 con motivo da estrea de *Saxo Tenor*, e aínda con máis razón cando “non hai unha política definida que resposte a algo concreto”, senón “remendos dun traxe que nunca se ten feito” (*A Nosa Terra* 27-10-1994) e, na súa

opinión, o obxectivo de institucións tan importantes para o teatro da Galiza como o CDG era que non houbera barullos, anulando calquera pulsión vivificadora, domesticando á profesión e propiciando a grande derrota colectiva da profesión escénica que Vidal Bolaño denunciaba.

Por iso, nunca se mostrou triunfalista cos avances vividos polo noso teatro e chamou a atención sobre a inxenuidade –cando non a complicidade interesada– dos que se sentían instalados na nova situación. Consciente, ademais, da necesidade de relevo dentro da profesión e de que a continuidade do sistema teatral galego dependía tamén da densificación do colectivo actoral, nos seus espectáculos sempre tiveron cabida os intérpretes máis novos entre os que, ademais, sempre se sentiu cómodo.

Sabedor de que “comprometerse é un perigo”, como declarou a Miguel Sande en 1986 (*Galicia Viva* 126), Roberto Vidal non deixou de se envolver na causa da consolidación da actividade espectacular do país, traballando a través do teatro pola construción nacional. Nunca fixo teatro político *stricto sensu*, mais tiña claro que “calquera discurso debe ser consciente de que é político”, como declarou en 2000 cando levaba aos palcos *A burla do galo*.

Co desaparecemento de Roberto Vidal Bolaño perdeuse unha maneira ao mesmo tempo comprometida e rebelde de entender o oficio do actor. Nada conformista, foi dos primeiros en reclamar a dignificación do traballo dos envolvidos na creación escénica, mais tamén en rexeitar o letargo derivado da mole acomodación no estatus que o sistema lles concedía e a peaxe que envolvía o turbo relacionamento coa camada política. Tamén perdemos alguén que sabía ollar alén de si propio e da súa situación, para penetrar nas necesidades e debilidades do teatro galego, reiteradamente presentado como a única actividade plenamente normalizada canto ao uso da lingua, mais moi dependente e fortemente ameazado de absorción por outro sistema co que competía polo espazo social e polos recursos. Finalmente, Vidal Bolaño foi un dramaturgo que non esqueceu nunca os públicos aos que ía dirixido o realizado nos nosos palcos, pois entendía que o nacente teatro galego non podía deixar fóra a ningunha camada social, incluídas aquelas que marxinalizaba a actividade dramática vehiculizada en español.